ESPAÑA NUN MUNDO GLOBALIZADO E NA UNIÓN EUROPEA

O mundo actual é consecuencia en gran parte da crise e afundimento do bloque dos países comunistas e o triunfo do sistema capitalista favorecido polo enorme avance das novas tecnoloxías da comunicación e da información.
As relacións internacionais globalízanse no ámbito económico, político, social e cultural que o sistema capitalista xerou entre os diversos países e rexións do Mundo creando situacións de colaboración, intercambio e as veces de dependencia e dominio económico, político e social.
Nalgunhas rexións a situación de dependencia económica, comercial, depredación dos seus recursos naturais e contaminación medioambiental vén dada dende antigüidade: o colonialismo contemporáneo, a descolonización e o nacemento do neocolonialismo que, agravaron a situación coa mundialización ou globalización da economía e hexemonía do sistema capitalista.
Os apartados correspondentes aos puntos un ao cinco do esquema tratarán de aclarar estas características.
No punto seis tratarase de analizar o papel de España no escenario da chamada aldea global. A que institucións internacionais pertence no ámbito económico, político e militar sen esquecer a importancia cultural tanto do noso Estado como Galicia no ámbito mundial.
No último apartado falaremos da UE e a importancia que tivo para España o ingreso neste organismo supraestatal.

0. ESQUEMA

1. MUNDIALIZACIÓN ECONÓMICA OU GLOBALIZACIÓN

1.1. A implantación do **sistema capitalista** a escala mundial.
1.2. Globalización da produción, do consumo e dos intercambios.

2. MUNDIALIZACIÓN POLÍTICA, SOCIAL, CULTURAL E AMBIENTAL

3. AS CONSECUENCIAS DA MUNDIALIZACIÓN: VANTAXES E INCONVENIENTES.

4. A DESIGUALDADE TERRITORIAL NO MUNDO

4.1. Os países desenvolvidos do Centro e do Norte.
4.2. Os países subdesenvolvidos da periferia ou do Sur.
4.3. A axuda ó desenvolvemento.

5. ESPAÑA NO MUNDO

5.1. Posición de España no mundo.
5.2. España nas áreas xeoeconómicas.
5.3. España nas áreas xeopolíticas.
5.3.1. A presenza nas organizacións e institucións internacionais.
5.3.2. As liñas xeopolíticas.
5.4. A presenza cultural de España e de Galicia no mundo.

6. ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA

6.1. Datos introdutorios.
6.2. O camiño cara a integración europea: das Comunidades Europeas á UE .
6.3. Institución Europeas.
6.3.1. Consello europeo.
6.3.2. Comisión europea.
6.3.3. Consello da Unión Europea.
6.3.4. Parlamento europeo.
6.3.5. Tribunal de xustiza.
6.3.6. Outros órganos da Unión Europea.
6.4. Financiamento comunitario. Fondos estruturais e de cohesión.
6.5. Retos de futuro de España na UE.
6.6. Galicia na UE.

1. MUNDIALIZACIÓN ECONÓMICA OU GLOBALIZACIÓN

Denominamos **mundialización** á progresiva evolución cara un mundo sen fronteiras e interdependente sobre o modelo xeneralizado do **sistema económico capitalista** a escala planetaria.

A **globalización** das relacións políticas, sociais, culturais e de cuestións ambientais fan que este proceso non sexa só económico, senón que teña varias dimensións.

O avance da **globalización** débese á **mellora nos transportes** (autoestradas, ferrocarrís de alta velocidade, transporte aéreo), **no progreso das telecomunicacións** (satélites, televisión, telefonía móbil, internet...) pero sobre todo pola **xeralización do sistema capitalista** no mundo.

1.1. A implantación do **sistema capitalista** a escala mundial

Entender en que consiste o **capitalismo** é esencial para entender as noticias que recibimos a través da televisión, dos xornais... A alteración do prezo das fontes de enerxía, das materias primas ou as crises económicas, son elementos deste sistema que afecta non só a España senón tamén aos países da Unión Europea, EE_UU, Xapón e a maioría dos países do mundo.

a) O **sistema económico liberal** ou **capitalista** caracterízase por:

- Predominio da **propiedade privada** dos medios de produción.
- **Liberdade de empresa** ou **libre competencia**.
- Obtención do máximo **beneficio** e dirixir parte deste a **reinvestir** na propia empresa **crecendo en tamaño**, **diversificando actividades** ou **expandíndose espacialmente**.
- **Liberdade de competencia** ou **mercado** que se practica a través da chamada **lei da oferta e da demanda**. Esta lei, aínda que pareza paradoxal, pode caer en casos extremos en situacións de **monopolio**[1] ou **oligopolio**[2].
- **Crecente división do traballo**: **técnico** (especialización de tarefas); **social** (propietarios e non propietarios dos bens de produción ou segundo o nivel de cualificación); **espacial** (localización empresarial ou das diferentes fases de

[1] Monopolio: estrutura do mercado na que só existe un comprador ou vendedor. Esta situación permite fixar os prezos dos bens ou servizos independentemente do mercado.
[2] Oligopolio: estrutura do mercado caracterizada por un alto grao de concentración na oferta, onde un reducido número de vendedores compiten entre si controlando practicamente todo o mercado. As empresas de distribución enerxética, telecomunicacións... son un claro exemplo de oferta oligopolítica.

produción nos espacios máis vantaxosos. Véxase o fenómeno de **deslocalización empresarial** ou **empresas enclave**.

b) O capitalismo crea **desigualdades territoriais**.

- **División internacional do traballo:** sistema **centro-periferia** e **fluxos de intercambios desigual**. Entre ambos desenvólvense as semiperiferias ou áreas cara ás que se difunden algunhas funcións e actividades dos centros ou son capaces de xerar iniciativas propias.

100 EMPRESAS MÁIS GRANDES DO MUNDO (2006)	
Sectores	**Nº de empresas**
Banca	19
Petróleo e química	17
Automóbil	11
Electrónica	7
Telecomunicacións	7
Aseguradoras	6
Seguros vida/médicos	6
Alimentación	4
Inversores de bolsa	3
Venda de farmacia	3
Cadeas comerciais	2
Mensaxería	2
Distribución enerxética	4
Equipos de oficina	2
Minorista	2
Tabaqueiras	2
Aeroespacial e armamento	1
Cosmética	1
Metalúrxica	1
TOTAL	**100**

LOCALIZACIÓN DAS 100 PRIMEIRAS EMPRESAS		
Países	**2005**	**2006**
UNIÓN EUROPEA	46	43
EE_UU	33	36
Alemaña	14	12
Francia	11	9
Reino Unido	10	9
Xapón	9	8
Países Baixos	4	4
Suiza	4	4
Corea do Sur	3	4
Italia	3	4
China	3	3
España	2	3
Bélxica	2	2
Brasil	1	1
México	1	1
TOTAL	**100**	**100**

c) **Factores que favorecen a difusión e hexemonía do capitalismo globalmente**:

- **Crise** e práctica desaparición do **sistema económico comunista**.
- **Revolución tecnolóxica**.
- **Revolución das comunicacións e transportes**: contracción do espacio tempo: *aldea global*.
- **Difusión da ideoloxía neoliberal**.
- **Ampliación das áreas de produción e de mercado** a través da expansión das **empresas multinacionais**.
- **Organizacións internacionais que defenden as medidas liberalizadoras** nos intercambios comerciais internacionais como por exemplo a **Organización Mundial do Comercio (OMC)**. O **Fondo Monetario Internacional (FMI)** que controla a estabili-dade monetaria dos distintos países e o **Banco Mundial** que concede créditos para o desenvolvemento baixo certas condicións. As economías máis poderosas do mundo representadas por oito países (**G-8**) tamén marcan as directrices económicas mundiais.

GRANDES EMPRESAS ESPAÑOLAS (2006)				
Empresas	**Sectores**	**Ingresos (millóns de dólares)**	**Beneficios (millóns de dólares)**	**Nº de traballadores**
Santander	Banca	68.951 $	9.530 $	129.749
Telefónica	Telecomunicacións	66.372 $	7.820 $	234.900
Repsol YPF	Petróleo	60.921 $	3.919 $	36.931

1.2. Globalización da produción, do consumo e dos intercambios.

a) A **produción** tende a organizarse a escala planetaria. O papel das grandes empresas multinacionais ou trasnacionais é básico.
b) O **consumo** evoluciona cara a unha crecente uniformización das preferencias en gustos promovido polas grandes campañas publicitarias e a súa difusión a través dos medios de comunicación.
c) Os **fluxos de mercancías, capital, servicios e tecnoloxía globalízase** eliminando as barreiras comerciais. O **proteccionismo económico**, que establecía aranceis[3] aos produtos importados, elimínase. A **liberalización comercial** está impulsada pola OMC e pola constitución de unións aduaneiras e zonas de libre cambio en determinadas rexións do mundo (Unión Europea e EFTA en Europa; Mercosur, Pacto Andino e TLC ou NAFTA en América; APEC en Asia e no Pacífico.
d) As direccións de todos estes fluxos son máis complexas e entrecruzadas con tres vértices: EE_UU, Xapón e a UE.

2. MUNDIALIZACIÓN POLÍTICA, SOCIAL, CULTURAL E AMBIENTAL

- **Xeopolítico**: Tres áreas marcan as directrices políticas: EE_UU, Xapón e a UE baixo o liderado dos EE_UU, que, dende o final da **guerra fría**, é a única superpotencia mundial. Exercen un papel decisivo nas organización internacionais: **ONU**, o **G8**, o **FMI** ou o **Banco Mundial**. Militarmente a **OTAN**.
- **Social**: mundializando o mercado laboral de traballadores tanto especializados (***fuga de cerebros*** *aos centros da decisión económica e política*) e non especializados (migracións cara as áreas onde hai oferta laboral produtiva xa sexa industrial, construción ou terciaria) creando **grandes fluxos migratorios**.
- **Cultural**: centros culturais e científicos-tecnolóxicos que coinciden con grandes centros xeopolíticos. A oferta e gustos culturais tenden a homoxeneizarse e divulgarse a través dos grandes medios de comunicación de masas (televisión, internet...). Impoñéndose os valores e cultura do mundo occidental anglosaxón.
- **Ambientais**: O impacto ambiental ten unha dimensión global (efecto invernadoiro, diminución da espesura da capa de ozono...).

3. AS CONSECUENCIAS DA MUNDIALIZACIÓN: VANTAXES E INCOVENIENTES.

A mundialización ou globalización ten consecuencias vantaxosas pero tamén moitos inconvenientes no ámbito económico, político, social, cultural, medioambiental.

No **ámbito económico** é **positivo** o incremento da actividade comercial e de negocio a escala mundial, a competitividade que promove o avance na investigación e o desenvolvemento. Pero tamén ten valores **negativos** como son o gran peso que desempeñan as empresas multinacionais que afogan o desenvolvemento das pequenas ou medianas empresas que teñen unha implantación menor no mercado mundial. Por outro lado, como indicamos anteriormente, a libre competencia pode transformarse en situacións de monopolio ou oligopolio en moitos sectores que teñen unha importancia estratéxica clave para a economía como é o da actividade enerxética. A perda de soberanía de moitos estados supeditada aos intereses de moitas empresas multinacionais ou as desigualdades no desenvolvemento económico de moitas rexións do planeta cada vez máis subdesenvolvidas pola promoción dunha

[3] Arancel: imposto ou gravame que se debe pagar por concepto de importación dun produto.

división internacional do traballo, que acrecenta as desigualdades entre rexións xeográficas.

No **ámbito político** é **positivo** a difusión dos valores de liberdade, dos dereitos humanos, da igualdade de xénero e de expansión do modelo democrático. Pero tamén ten como aspecto **negativo** a perda de soberanía dos países que esta limitada cada vez máis por institucións supranacionais, grandes potencias ou incluso polo poder de empresas multinacionais. Ás veces xurde unha reacción que fomenta a inestabilidade política nalgunhas rexións do planeta onde aparecen gobernos extremistas como reaccións aos valores do mundo occidental.

No **ámbito social** mellórase o nivel de vida e emprego, pero empeora as condicións de traballo mediante o descenso de salarios, a flexibilidade e inestabilidade laboral. Facilita a mobilidade da poboación pero xera un maior contraste entre países ricos e pobres. Difúndense os avances médicos e sanitarios pero tamén as grandes pandemias. Increméntanse as redes de delincuencia internacional (mafias, narcotráfico, terrorismo).

No **ámbito cultural** difúndese a cultura, a ciencia e a tecnoloxía a escala mundial pero tamén provoca a perda da identidade cultural e de valores de certos pobos ao impoñerse os valores da cultura occidental sobre todo do mundo anglosaxón.

No **ámbito medioambiental** é maior a toma de conciencia ante os problemas do medio ambiente pero os problemas de contaminación teñen xa unha escala planetaria.

Como resposta ás consecuencias negativas que ten o fenómeno da mundialización, son cada vez máis os **movementos antiglobalización** que se manifestan en contra. Dentro destes movementos destaca o **Foro Social Mundial**[4] que busca unha globalización alternativa ao modelo globalizador do sistema económico capitalista actual.

4. A DESIGUALDADE TERRITORIAL NO MUNDO

A consecuencia máis grave da globalización é a forte desigualdade existente nas rexións do planeta. Atopámonos con dous grandes grupos: os países desenvolvidos e os subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento.

Características	ETIOPÍA	BOLIVIA	ESPAÑA
Superficie (Km^2)	1.127.127	1.098.591	505.000
Poboación (habitantes)	73.053.286	10.027.644	46.157.822
Taxa de natalidade (‰)	44	32	10
Taxa de mortalidade (‰)	15	9	9
Crecemento vexetativo (‰)	19	23	1
Mortalidade infantil (‰)	97	63	5
Esperanza de vida (anos)	46	60	79
Poboación menor de 14 anos (%)	47	40	14,4
PIB por habitante ($)	1.370	1.656	31.471
Débeda externa (millóns de $)	3.793	3.800	2.047.000
Posto no Índice do Desenvolvemento Humano (IDH)	169º	103º	15º

[4] O **Foro Social Mundial** é un encontro que nace no ano 2001 en Porto Alegre (Brasil) e que se celebra anualmente por diversas organizacións pertencentes ao movemento de globalización alternativo. Algunhas das súas propostas son facer un comercio internacional máis xusto, lograr a soberanía alimentaria para erradicar a fame do mundo, lograr o acceso a auga e á terra dos habitantes dos países máis pobres, cancelar a débeda externa dos países máis pobres... Nace como reacción ao **Foro Económico Mundial** que está representado polas grandes empresas, gobernos, políticos, científicos... que defenden as bondades da globalización.

ÍNDICE DO DESENVOLVEMENTO HUMANO 2006



O sistema capitalista é moitas veces o gran responsable deste situación de contrastes. O progreso e benestar dos países ricos e posindustriais, está sustentado por moitos países periféricos ao estes que viron crecer a súa pobreza, explotación e dependencia.

4.1. Os países desenvolvidos do Centro e do Norte.

- Crecemento económico expansivo: predominio da industria, dos servicios e da tecnoloxía.
- Poboación envellecida que decrece lentamente.
- Urbanización intensa.
- Benestar social
- Existen desequilibrios territoriais
- Posición de predominio mundial.

4.2. Os países subdesenvolvidos da periferia ou do Sur.

- Causas do subdesenvolvemento: múltiples factores. Países que foron colonizados.
- Debilidade produtiva: predomina o sector primario, actividade económica non diversificada ou monoprodutiva e dualidade entre o sistema tradicional e moderno.
- Grande dependencia económica (neocolonialismo).
- Poboación rexistra un elevado ritmo de crecemento (máis 2/3 da poboación mundial vive en áreas subdesenvolvidas).
- As cidades experimentan un intenso crecemento.
- O nivel de vida e benestar social é baixo.
- Existen profundos desequilibrios territoriais.
- Posición de dependencia mundial.

Debemos diferenciar dous grupos:

Países en vías de desenvolvemento que se caracterizan por compartir moitos aspectos do chamado mundo desenvolvido pero tamén cos países máis pobres. Teñen grandes diferencias sociais internas. Polo xeral son áreas moi activas economicamente posto que ofrecen grandes vantaxes como a man de obra preparada ou semicualificada, barata, baixos impostos, escasas normas medioambientais e

gobernos favorables a entrada de empresas multinacionais. Está representado por países de América do Sur e Asia (China, India o Extremo Oriente) e algúns países africano (países ribeireños do Mediterráneo, Nixeria...).

Países pobres marxinados do benestar colectivo. O sistema capitalista explota os seus recursos naturais en beneficio propio. Apoia a permanencia de gobernos corruptos favorables aos seus intereses. A poboación máis xove e máis preparada debe emigrar ante unha situación de guerras sanguentas entre grupos tribais. Son os países esquecidos que quedan a marxe do sistema. A África Subsahariana é a área máis representativa deste modelo.

4.3. A axuda ao desenvolvemento.

A axuda ao desenvolvemento nace a partir da Segunda Guerra Mundial (1945). Europa sufre directamente as consecuencias da guerra e necesita a axuda norteamericana para reconstruírse. Por outro lado nace na opinión pública occidental un sentimento anticolonial (practicamente a totalidade de África e gran parte de Asia eran colonias dos países europeos fundamentalmente de Gran Bretaña e Francia) que favorecerá o proceso de descolonización durante a década dos cincuenta e sesenta do século XX. Hai que facerlle fronte ao problema do subdesenvolvemento no mundo. Razóns económicas, políticas e éticas o reclaman.

Foi na localidade indonesia de **Bandung** (1955) onde se celebrou unha conferencia dos países asiáticos e africanos que accederan nos últimos anos á súa independencia (os chamados países non aliñados) onde estes manifesta a necesidade de tomar conciencia e buscar medidas para resolver os problemas de subdesenvolvemento das súas áreas xeográficas.

Actualmente distinguimos as **axudas oficiais** (organismos internacionais e estados) e as **axudas non gobernamentais (ONG)**.

As axudas oficiais dos organismos internacionais canalizasen fundamentalmente a través da Organización de Nacións Unidas (ONU) que coordina as axudas como o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

Por outro lado os países desenvolvidos comprometéronse no plenario da 34 sesión da Asemblea Xeral da ONU a destinar o 0,7% do seu PIB a axuda ao oficial ao desenvolvemento (AOD). Observando a gráfica na actualidade só hai cinco países (Noruega, Suecia, Luxemburgo, Dinamarca e Países Baixos) que superar este limiar.



En resume esta axuda é **insuficiente**, a súa distribución non sempre atende aos máis necesitados e parte da axuda retorna aos países desenvolvidos como pagamento de compras (importacións aos países doantes) ou pagamento de débedas. Na actualidade España aporta o 0,37% na Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

As **axudas non oficiais ao desenvolvemento** recíbese a través de organizacións que non teñen relación coa administración de ningún Estado **(Organizacións Non Gobernamentais) ONG**. Aparecen na segunda metade do século XX e están formadas por grupos de voluntarios que desenvolven proxectos concretos no ámbito da promoción e o desenvolvemento (erradicar a fame no mundo, a enfermidade, o analfabetismo).

5. ESPAÑA NO MUNDO

España perdeu peso no contexto internacional durante o século XIX e primeira metade do século XX debido: a perda das súas colonias; o atraso tecnolóxico e económico respecto a outros países de Europa occidental; o illamento internacional que seguiu trala guerra civil.

O final deste illamento prodúcese a mediados do século XX (España ingresa en 1955 na ONU) e o desenvolvemento económico dos anos sesenta incorporaron de novo a Estado español á escena internacional.

País	Superficie Km^2	País	Poboación
Rusia (1º)	17.075.400	China (1º)	1.312.550.000
EE_UU (2º)	9.363.123	India (2º)	1.129.000.000
China (3º)	9.326.400	EE_UU (3º)	305.791.000
Canadá (4º)	9.221.000	Brasil (4º)	188.178.000
Brasil (5º)	8.456.400	Paquistán (5º)	165.803.000
Australia (6º)	7.682.300	Bangladesh (6º)	147.800.000
Francia (47º)	552.000	Ucraína (26º)	46.710.000
España (51º)	505.956	**España (27º)**	46.200.000
Turkmenistán (52º)	488.100	Sudáfrica (28º)	44.187.000
Camerún (53º)	465.400	Colombia (29º)	44.073.000
Papúa Nova Guinea (54º)	461.691	Sudán (30º)	41.236.000
Suecia (55º)	449.964	Arxentina (31º)	39.231.000

5.1. Posición de España no mundo.

En canto á **superficie e poboación** ocupa un tamaño medio no contexto internacional (51º en superficie dos 211 estados actuais e o posto 27º en poboación segundo o censo do ano 2008).

As **características económicas** e **sociais** intégrana na área xeoeconómica dos países desenvolvidos, aínda que, en comparación cos máis avanzados, presenta un carácter de potencia intermedia.

A súa **situación xeoestratéxica e de relacións internacionais** está situada nunha encrucillada de mares e de continentes (Mediterráneo, Norte de África, Europa e o Atlántico).

5.2. España nas áreas xeoeconómicas.

PIB 2008 (miles de millóns de $)	
EE_UU	14.305.702
Xapón	4.552.204
China	3.713.301
Alemaña	3.414.629
Reino Unido	2.933.245
Francia	2.656.527
Italia	2.174.816
Canadá	1.527.764
España	1.524.903
Brasil	1.450.011

Fte. Fondo Monetario Internacional

Potencia intermedia dentro dos países máis desenvolvidos: insuficiente internacionalización das súas empresas; déficit no comercio exterior de mercancías e tecnoloxía; carácter modesto dos investimentos españois no exterior en relación cos investimentos estranxeiros en España.

No ano 2008 tiña o posto 9º a escala mundial segundo o seu **PIB** e 34º segundo o seu **PIB per cápita**.

Índice de Desenvolvemento Humano (mide aspectos non económicos senón outros como a esperanza de vida, nivel educativo, sanidade...). Ocupa o posto 15º (2007) no Índice de Desenvolvemento Humano.

5.3. España nas áreas xeopolíticas

España empeza a participar nas grandes organizacións internacionais. Esa situación prodúcese, principalmente, a partir de 1975 cando o réxime político cambia dunha ditadura cara unha democracia.

5.3.1. Presenza nas organizacións e institucións internacionais.

a) **ONU** (Organización de Nacións Unidas). Organización fundada ao rematar a 2ª Guerra Mundial. Ten como **obxectivos** manter a paz e a seguridade mundial, defender os dereitos humanos e a libre determinación dos pobos e promover a cooperación internacional nos sectores económico social e cultural. Os órganos fundamentais son: **Secretaría Xeral**, **Asemblea Xeral** e **Consello de Seguridade**.

España ingresa no ano 1955.

Na ONU existen organizacións con funcionamento propio que se ocupan de diversos asuntos:

- **Organizacións económicas**: **FAO** (Organización para a Alimentación e a Agricultura) ten como finalidade incremento na produción de alimentos. O **Banco Mundial** presta asistencia técnica e financeira aos países en vías de desenvolvemento. O **FMI** (Fondo Monetario Internacional) ten como obxectivo manter a estabilidade monetaria internacional e conceder fondos aos países subdesenvolvidos sempre que estes se sometan a duras políticas de axuste económico; **OMC** (Organización Mundial do Comercio) busca liberalizar o mercado internacional.
- **Organizacións sociais: OIT** (Organización Internacional do Traballo) defender as condicións dignas laborais dos traballadores no mundo. **OMS** (Organización Mundial da Saúde) Mellorar as condicións sanitarias no mundo. Reducindo as causas da mortalidade catastrófica, eliminando as grandes pandemias e incrementando a esperanza de vida. **UNICEF** (Fondo de Nacións Unidas para Infancia) que pretende mellorar as condicións de vida da poboación infantil no mundo.
- **Organización de carácter cultural: UNESCO** (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) promover as actividades e defender o patrimonio cutural do mundo.
- **Unidades militares para garantizar a seguridade e paz:** os “cascos azuis”.

b) **OCDE** (Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico) creada en 1961. España forma parte dende as súas orixes. Está formada por países que contan cun amplo nivel de desenvolvemento e pretenden expandir a actividade económica e o comercio mundial. 30 países forman parte na actualidade desta organización.

c) **Organizacións militares para a seguridade internacional**

A **OTAN** (Organización do Tratado do Atlántico Norte) fundada no ano 1949 por EE_UU e outros países de Europa Occidental nun contexto de bipolarización das relacións internacionais fronte a URSS e os países socialistas. Aínda que a URSS e o bloque de países socialistas caeu na última década do século XX a OTAN segue funcionando. Conta na actualidade con 28 países membros. España integrouse no ano 1982. Un referendo convocado en 1986 ratificou a presenza española no organigrama político pero non militar. En 1999 intégrase estrutura militar.

A **UEO** (Unión Europea Occidental) é unha organización defensiva e de seguridade militar. Está formada polos países da Unión Europea e os países europeos pertenecentes á OTAN. España forma parte dende 1986 (coincidindo coa incorporación na Comunidade Europea).

A **OSCE** (Organización de Seguridade e Cooperación en Europa) fundada en 1975 coa firma da acta de Helsinki por países de América do Norte, Europa e Asia central. Pretende prever conflitos bélicos nas rexións sinaladas. España forma parte dende o inicio. Na actualidade conta con 56 países. Trátase dun organismo rexional recoñecido conforme ao capítulo VIII da Carta das Nacións Unidas.

5.3.2. As liñas xeopolíticas

A situación de encrucillada entre dous mares (Mediterráneo e Atlántico) e dous continentes (África e Europa) xera **posición xeostratéxica** de España.

As relacións están centradas en **primeiro lugar coa Unión Europea** pero tamén co **resto de Europa** especialmente na rexión balcánica onde os últimos acontecementos políticos marcaron esta política. A situación de **Rusia** merece moito interese.

En **segundo lugar** é moi importante a relación cos **países da conca mediterránea** onde existe unha vinculación histórica, económica e cultural dende moitos anos atrás. As relacións cos **países norteafricanos** son un obxectivo importante.

En **terceiro lugar** destacan as relacións con **Iberoamérica** a vinculación demográfica, económica e cultural é moi importante, tanto para España como para Galicia en particular.

Outros ámbitos importantes son as relacións con **Estados Unidos** (acordos bilaterais en temas relacionados coa política, seguridade, economía cultura, ciencia e tecnoloxía), **Próximo Oriente** (moi importante o papel mediador no conflito árabe-israelí), as relacións económicas cos **países asiáticos e o Pacífico** e por último apoiar solidariamente a rexión xeográfica máis pobre do planeta: **África subsahariana**.

5.4. A presenza cultural de España e de Galicia no mundo:

O español ou castellano é unha lingua falada por perto de 400 millóns de persoas no mundo. É a cuarta lingua falada no mundo tralo inglés, chino e francés. É lingua oficial en tódolos países latinoamericanos agás en Puerto Rico (cooficial) e Belice. Cooficial en Filipinas, Nuevo México (EE_UU). En EE_UU o falan perto de 40 millóns de persoas 12% da poboación. Lingua oficial en Guinea Ecuatorial e cooficial no Sahara Occidental. O **Instituto Cervantes** exerce o labor de divulgación mundial da cultura española.

Galicia tivo un importante fenómeno emigratorio: máis de 2.500.000 de galegos emigraron nos últimos 150 anos. A súa presenza é moi importante en América (Arxentina, Uruguai, Venezuela e Cuba) e Europa. O galego, a pesar de ser unha lingua minoritaria, estivo vinculado historicamente co portugués dado que no inicio foron unha lingua común. A lusofonía está moi presente no mundo. Máis de 210 millóns de persoas falan o portugués (é lingua oficial en Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Guinea Bissau, San Tomé, Príncipe, Cabo Verde, Macau e Timor Oriental).

6. ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA

A Unión Europea naceu co desexo de acabar cos frecuentes conflitos entre veciños que culminara coa Segunda Guerra Mundial e que deixara a Europa arruinada e dependente das grandes superpotencias (EE_UU e a URSS).

Necesitábase tamén acelerar a reconstrución económica, logrando uns mercados máis amplos que os nacionais.

A Unión Europea (UE) non é unha federación como os Estados Unidos, nin unha mera organización de cooperación entre gobernos, como as Nacións Unidas. En realidade, a UE é única como institución internacional.

Compartir a soberanía significa, na práctica, que os Estados membros delegan algúns dos seus poderes decisorios nas institucións comúns creadas por eles para poder tomar democraticamente e a nivel europeo decisións sobre asuntos específicos de interese conxunto.

Actualmente a Unión Europea é unha **organización supraestatal** formada por estados soberanos que delega parte dela nunhas institucións comúns que toman decisións democráticas para o conxunto dos estados membros en materia económica, política, social e cultural.

No seguinte esquema distínguese entre tres termos de relacións económicas entre países que aparentemente son similares pero que teñen diferencias importantes: **zona de libre comercio, unión aduaneira** e **unión económica**.

A	*B*	***Zona de libre comercio*** *EFTA, MERCOSUR... (supresión de barreiras comerciais entre países membros)*
A	*B*	***Unión Aduaneira*** *(supresión de barreiras entre países e arancel común fronte a terceiros países)*
AB		***Unión Económica*** *(UE na actualidade) (Mercado común e harmonización da política económica)*

A UE é unha Unión Económica (tamén unha unión política) que non só pretende crear un mercado único senón harmonizar a política económica dos distintos países membros (a unión monetaria é un claro exemplo).

6.1. Datos introdutorios.

A UNIÓN EUROPEA NO CONTEXTO INTERNACIONAL					
2007	**UE**	**EE_UU**	**XAPÓN**	**CHINA**	**RUSIA**
Superficie (miles de Km^2)	4.234	9.629	365	9.596	17.075
Poboación (millóns de hab.)	497	301	128	1.322	142
Densidade (h/km^2)	117	31	351	138	8
PIB (miles de millóns de euros)	10.793	10.035	3.676	1.376	468
PIB por habitante ($) (en estándar de poder adquisitivo)	24.700	37.300	27.800	6.400	10.000
Taxa de paro (%) (1º tri. 2009)	8,9%	9,5%	5,4%	4,2%	10%

A Unión Europea ten unha superficie intermedia en relación as grandes potencias mundiais. Os 27 países da UE ocupan o terceiro posto en poboación mundial despois da China e da India. No aspecto económico a UE ocupa o primeiro lugar en canto a PIB. Como contrapartida presenta un menor

nivel de PIB por habitante que EE_UU e Xapón e unha taxa de paro similar a EE_UU pero máis alta que Xapón e China.



Observa os datos comparativos de superficie e poboación dos distintos estados da UE. Ver as actividades.



6.2. O camiño cara a integración europea: das Comunidades Europeas á UE.

A Unión Europea tivo un longo proceso de ampliación e integración dos países que a conforman. O número de países pasou, dende mediados do século XX, de seis a 27 no 2007. Por outro lado, a súa integración foi evolucionando dun proxecto de cooperación económica entre os países membros cara a unha maior integración política, social e cultural. Os distintos tratados que se foron asinando ao longo da súa historia así o sinalan.

PROCESO DE AMPLIACIÓN

1948	BENELUX (antecedente da futura Unión Europea: unión aduaneira entre Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo)
1951-1957	**Países fundadores:** Bélxica, Países Baixos, Luxemburgo, Italia, Francia e RFA. (**Europa dos Seis**)
1973	**1ª ampliación**: Reino Unido, Irlanda e Dinamarca. (**Europa dos Nove**)
1981	**2ª ampliación**: Grecia. (**Europa dos Dez**)
1986	**3ª ampliación**: España e Portugal. (**Europa dos Doce**)
1990	**Alemaña unificada** (incorporación República Democrática Alemana)
1995	Austria, Suecia e Finlandia. (**Europa dos Quince**)
2004	Letonia, Estonia, Lituania, Polonia, R. Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Chipre e Malta (**Europa dos 25**)
2007	Rumanía e Bulgaria (**Europa dos 27**)
Países candidatos	Actualmente: Croacia, Macedonia e Turquía.



PROCESO DE INTEGRACIÓN DA UNIÓN EUROPEA

Os **tratados** establecen as normas e procedementos que seguen as institucións da UE. Os tratados son acordados polos Presidentes e/ou os primeiros

ministros de todos os países da UE, e son ratificados polos seus parlamentos ou en referendo.

Temos que distinguir entre **tratados fundacionais ou constitutivos** que foron os que estableceron as bases da integración. Foron o **Tratado de París** (1951) polo que se creou a **Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro** (CECA), o **Tratado de Roma** (1957) que constituíu a Comunidade Económica Europea (CEE) e a Comunidade Europea de Enerxía Atómica (Euroatom). Por último, o **Tratado de Bruxelas** ou de **Fusión** (1965) integra as institucións das tres comunidades.



Os tratados posteriores son considerados **tratados que modificaron** aos primeiros. Os máis importantes foron a **Acta Única Europea** (1986), o **Tratado da Unión Europea** ou de **Maastricht** (1993), o **Tratado de Amsterdam** (1997), o **Tratado de Niza** (2001) e o **Tratado de Lisboa** (2007).

As características máis significativas destes tratados son:

1951: Tratado de París ou da **CECA**. Tratábase de crear un mercado común para estes dous produtos (carbón e aceiro) que eran básicos para o sector industrial europeo. Este tratado constitutivo expirou no ano 2002.

1957: Tratado de Roma. Creación da **CEE** e **EUROATOM**.

CEE: Establecía como obxectivo un **mercado único** ou libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.o chamado "Principio das catro liberdades". (na práctica só se creou unha unión aduaneira para a libre circulación de mercadorías despois dun período transitorio de 12 anos. Haberá que esperar ata a Acta Única Europea e ao Tratado de Maastricht para que a libre circulación tamén se dea nos outros aspectos.

- Instauraba unha Política Común Agraria (a futura PAC) e pesqueira.
- Política común en materia de transporte.

- Previsión de coordinación nas políticas económicas e sociais dos distintos estados.

■ Crease o Banco Europeo de Investimento (BEI) para outorgar préstamos a gobernos e empresas que axudasen a conseguir os obxectivos do mercado común.
■ Tamén o Tratado CEE establece institucións e mecanismos de toma de decisións que permiten a expresión ao tempo dos intereses nacionais e dunha visión comunitaria. O equilibrio institucional repousa nun «triángulo» constituído polo **Consello**, a **Comisión** e o **Parlamento Europeo**, todos eles chamados a colaborar xuntos.

EURATOM: tiña como obxectivo a colaboración na investigacións e o desenvolvemento da industria nuclear con fins pacíficos.

1967: Tratado de Bruxelas. Entra en vigor o **tratado de fusión**. **Unificación das tres institucións** comunitarias existentes: (CECA, CEE e EUROATOM)

1986: Tratado de Luxemburgo e da Haia. Sinatura da **Acta Única Europea:** reforma os tres tratados fundacionais, modifica o nome: da CEE á CE (Comunidade Europea).

- **Reforza o papel do Parlamento Europeo** (maior participación na aprobación da lexislación comunitaria).
- Establece a **extensión** dos casos de voto por **maioría cualificada no Consello**.
- **Amplía as competencias comunitarias**.
- **Pleno funcionamento do mercado único** para 1993.
- **Incrementa os fondos** destinados ás rexións menos dinámicas da UE.

1992: Tratado de Maastricht. ou **Tratado de Unión Europea**. Trata de profundizar máis non só na integración económica senón na política e social. Este tratado establece **tres piares fundamentais**: un central ou comunitario, onde os estados ceden a súa soberanía en beneficio das institucións comunitarias. Por exemplo, creación da **Unión Económica e Monetaria (UEM)** (que trouxo consigo a adopción dunha moeda única, o euro) é un dos seus obxectivos. Ademais créanse os Fondos de Cohesión, fortalécense os Fondos Estruturais e reforza as competencias do parlamento europeo (**codecisión**[5]). Os outros dous piares laterais serán a **Politica Europea de Seguridade Común (PESC)** e a **Xustiza e Asuntos de Interior (XAI)** que, a diferencia do piar central, necesita da cooperación e consenso dos gobernos dos distintos países. Por último a Comunidade Europea **denominarase Unión Europea** a partir deste tratado.

1997: Tratado de Ámsterdam. Centrouse en aspectos sociais relativos ao **dereito da cidadanía**, previndo a futura ampliación estableceu a posibilidade de avanzar a distinto ritmo dentro da UE (principio de **cooperacións reforzadas**) sempre que se respecten os acordos de integración.

2001: Tratado de Niza: Reforma as institucións e o **sistema de toma de decisións** coa finalidade de garantir a eficacia dos órganos institucionais da Unión Europea dentro do reto da futura ampliación (no 2004 incorporáronse dez países e no 2007 outros dous máis).
Os acordos foron limitados e optouse por elaborar un novo **Tratado Constitucional** (2004) coñecido popularmente como ***Constitución Europea***, que introducise novas reformas e refundise nun único texto todas as anteriores. O rexeito no referendo en Francia e nos Países Baixos paralizou este Tratado Constitucional e abríu unha crise moi aguda, que se solucionou coa modificación deste por outro tratado menos

[5] Codecisión: procedemento polo cal o Consello de Ministros e o Parlamento Europeo deciden en conxunto sobre os textos legais propostos pola Comisión Europea.

ambicioso que, aínda así, recollese unha parte esencial do tratado anterior. É o chamado **Tratado de Lisboa**.

2007: Tratado de Lisboa. (denominado ***miniconstitución***) ratificado por vía parlamentaria ou referendo en tódolos Estados da UE. Este tratado reforma basicamente o Tratado da Unión Europea (1992) que sigue sendo principal e dota de **personalidade xurídica única**[6] a ésta coa incorporación do Tratado de Funcionamento da UE (TFUE).

- Adopta como norma a **Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea**, que se deberá aplicar en todos os países agás en Polonia, República Checa e no Reino Unido.
- A **presidencia do Consello Europeo** será exercida por un presidente único, por un período de dous anos e medio (prorrogable outro mandato máis). Ese presidente será elixido por pacto entre os líderes dos estados membros.
- A **Comisión Europea** redúcese en tamaño a partir de 2014, e non estará obrigada a recoller un comisario por estado (2/3 de comisarios sobre o número total de estados membros).
- Créase a figura do **presidente do Eurogrupo**, que coordinará a acción dos ministros de Economía dos estados integrados na zona euro.
- Un novo posto, chamado **Alto Representante de Asuntos Exteriores e Política de Seguridade** substituirá e combinará a acción do Alto Representante para a Política Exterior e de Seguridade Común e do comisario de exteriores, que ademais será **vicepresidente da comisión**.
- Redistribuiranse os votos no **consello de ministros**. A maioría das decisións (salvo aquelas que esixan unanimidade dos estados membros relativas a 40 asuntos relacionados coa política fiscal, exterior, defensa, xustiza e interior) serán tomadas por un sistema de doble maioría cualificada (cando menos polo 55% dos votos, que ademais deberán representar o 65% da poboación da Unión). Esta medida entrará en vigor en 2014. Elimínase a minoría de bloqueo establecida en Niza.
- O número de **europarlamentarios** aumenta a 751 a partir do 2014.
- Dáselle **personalidade xurídica á Unión Europea** para asinar acordos internacionais con outros países que conlevará maior presenza na política exterior.
- **Aumenta as competencias**. Suprime a estrutura dos tres piares (Maastricht), maior intervención en materia de xustiza, interior, medio ambiente e redes enerxéticas.
- **Clarifica as competencias**: establece cales son as exclusivas da UE e cales se comparten cos estados membros. Nestas últimas competencias a UE só participará mantendo o **principio de subsidiaridade** (unicamente intervirá cando os obxectivos non poidan ser asumidos polo estado membro).
- **Establece a posibilidade de abandono negociado** por un estado da Unión.

[6] Personalidade xurídica única: capacidade de asignar internacionalmente tratados e convenios con terceiros países.

6.3. Institución Europeas

http://europa.eu/institutions/index_es.htm



As **institucións fundamentais** no **proceso decisorio** son:

- **Consello Europeo** (cumio dos xefes de Estado ou Primeiros Ministros da UE)
- **Parlamento Europeo**, que representa aos cidadáns da UE e é elixido directamente por eles;
- **Consello da Unión Europea**, que representa aos Estados membros;
- **Comisión Europea**, que defende os intereses da Unión no seu conxunto.

Parlamento, Consello da UE e Comisión Europea representan o chamado **'triángulo institucional'** que elabora as políticas e leis que se aplican na UE. En principio, a Comisión propón as novas normas, pero son o Parlamento e o Consello da UE os que as adoptan. A Comisión e os Estados membros aplícanas, e a Comisión vela polo seu cumprimento.

Potestade lexislativa	*Comisión, Consello da Unión Europea e Parlamento*
Potestade executiva	*Comisión e Consello da Unión Europea*
Potestade xudicial	*Tribunal de Xustiza*

Outras dúas institucións desempeñan un papel vital: o **Tribunal de Xustiza** vela polo cumprimento da lexislación europea e o **Tribunal de Contas** controla o financiamento das actividades da Unión.

Os **poderes e responsabilidades destas institucións establécense nos tratados**, nos que se basean todas as actividades da UE. Os tratados tamén

establecen as normas e procedementos que seguen as institucións da UE. Os tratados son acordados polos Presidentes e/ou os primeiros ministros de todos os países da UE, e son ratificados polos seus Parlamentos ou en referendo.

As institucións principais da UE foron modificadas nos últimos tratados Niza (2001) e Lisboa (2007) coa perspectiva de garantir o funcionamento comunitario tralas últimas ampliacións.

6.3.1. Consello Europeo

Creado en 1974 e institucionalizado coa Acta Única Europea (1986), está composto polos Xefes de Estado ou de Goberno dos países membros acompañados dos seus ministros de Asuntos Exteriores e polo presidente da Comisión Europea. É o máximo órgano político da UE e as súas **funcións** son:

a) Propor a orientación xeral da acción comunitaria.
b) Impulsar a integración no seo da UE.
c) Preparar reunións dos Consellos da Unión Europea e da Comisión.
d) Definir os principios e as orientacións xerais da Política Europea de Seguridade Común (PESC).

Reúnese, cando menos, catro veces ao ano no que se coñece como **cumios europeos**.

Ata o ano 2009 o Consello Europeo está presidido polo Xefe de Estado ou de Goberno do país que preside semestralmente a Unión Europea. A partir do 2010 (trala entrada en vigor do Tratado de Lisboa) haberá un presidente permanente dous anos e medio que pode ser prorrogable noutro mandato polo mesmo período.

6.3.2. Comisión Europea

http://europa.eu/institutions/inst/comm/index_es.htm

Composta por un comisario por cada país membro que estará especializado nalgunha das áreas de xestión da UE (agricultura, industria, cultura, mocidade, investigación...). O español Joaquín Almunia é, dende o ano 2004, o Comisario de Economía da UE..José Manuel Durâo Barroso é o actual presidente (2004-2009) que volveu a ser reelixido para outro mandato de cinco anos (2009-2014).

O tratado de Lisboa reduce en tamaño, a partir de 2014, os comisarios. Non haberá un por país membro senon 2/3 de comisarios sobre o número total de estados membros que irán rotando sucesivamente.

A Comisión é o principal **órgano administrativo** da Comunidade e o que ten un carácter máis supranacional e integrador. As súas **funcións** son:

a) Propor lexislación ao Parlamento e ao Consello.
b) Xestionar e aplicar as políticas da UE e o orzamento (control dos fondos europeos).
c) Facer cumprir a lexislación europea (xunto co Tribunal de Xustiza).
d) Representar á UE nos foros internacionais, por exemplo, negociando acordos entre a UE e outros países.

Dispón dunha ampla estrutura administrativa (dispón de 23.000 funcionarios) e da colaboración dunha serie de comités que representan ás administracións de cada país membro: os comités de xestión e os comités de regulamentación. Ten a súa sé en Bruxelas.

6.3.3. Consello da Unión Europea

http://europa.eu/institutions/inst/council/index_es.htm

Chamado Consello de Ministros. É un órgano colexiado formado por representantes dos Gobernos dos países membros, neste senso é o órgano que representa os intereses de cada país aínda que trata de harmonizar estes co conxunto da UE. Cada Estado é representado polo seu ministro de AA_EE aínda que, en función dos temas a tratar, os participantes poden variar sendo frecuentes as reunións dos ministros de agricultura, transporte e industria. A reunión dos ministros de economía e finanzas denomínase ECOFIN. Reúnese con periodicidade mensual e a súa presidencia vai rotando entre os países semestralmente.

A súa **función** é basicamente lexislativa, se ben no Tratado da UE se lle outorgan, asemede, tamén poderes executivos e de representación. É o órgano decisorio máis importante da UE. As súas competencias son:

a) Aprobar leis europeas. En moitos ámbitos lexisla en común co Parlamento Europeo (codecisión).
b) Coordinar as políticas económicas xerais dos Estados membros.
c) Concluír acordos internacionais entre a UE e outros países ou organizacións internacionais.
d) Aprobar o orzamento da UE, xunto co Parlamento.
e) Desenvolver a Política Exterior e de Seguridade Común da UE (PESC, véxase Política Exterior e de Seguridade Común), baseándose nas directrices decididas polo Consello Europeo.
f) Coordinar a cooperación entre os tribunais nacionais e a policía en materia penal.

As decisións tómanse por votación. O voto de cada ministro é ponderado en función ao peso demográfico de cada país. O tratado de Niza estableceu esta ponderación que queda reflectida no seguinte recadro:

Alemaña, Francia, Reino Unido, Italia	29 votos
España, Polonia	27 votos
Rumanía	14 votos
Países Baixos	13 votos
Bélxica, Grecia, Portugal , R. Checa e Hungría	12 votos
Suecia, Austria e Bulgaria	10 votos
Dinamarca, Finlandia, Eslovaquia, Irlanda, Lituania	7 votos
Letonia, Estonia, Eslovenia, Chipre, Luxemburgo	4 votos
Malta	3 votos
TOTAL segundo o Tratado de Niza (vixente ata o 2014)	**345 Votos**
(Maioría cualificada de case ¾: 73,9%) (e verificar que eses votos representen ao 62% da poboación da Unión) principio de doble maioría (ata o 31 de outubro de 2014) Coa entrada en vigor do **Tratado de Lisboa** (a partir do 2014) esta doble maioría redúcese do 55% e 65% respectivamente. Por outro lado elimínase a minoría de bloqueo que si se pode exercer co tratado de Niza.	255 VOTOS (91 votos) bloqueo de resolucións

Dependendo do asunto a tratar os acordos se toman por **maioría cualificada** (ver a variación do tratado Niza con respecto ao tratado de Lisboa no recadro) ou por

unanimidade se se tratan dalgún dos 40 asuntos recollidos no tratado de Lisboa relativos á PESC, fiscalidade, tratados internacionais, o asilo ou a inmigración. É dicir, cada Estado membro ten **poder de veto nestas materias**. Resumindo o tratado de Lisboa pretende simplificar este modelo e reforzar o papel institucional da UE na toma de decisións. Ten a súa sede en Bruxelas.

NÚMERO DE DEPUTADOS POR PAÍS (2009-2014)

ESTADO	Escano
Alemaña	99
Francia	72
Italia	72
Reino Unido	72
España	50
Polonia	50
Romanía	33
Países Baixos	25
Bélxica	22
Grecia	22
Portugal	22
Hungría	22
Chequia	22
Suecia	18
Austria	17
Bulgaria	17
Dinamarca	13
Finlandia	13
Eslovaquia	13
Irlanda	12
Lituania	12
Letonia	8
Eslovenia	7
Luxemburgo	6
Estonia	6
Chipre	6
Malta	5
TOTAL	**736**

6.3.4.Parlamento Europeo.

http://europa.eu/institutions/inst/parliament/index_es.htm

O Parlamento Europeo é elixido polos cidadáns da Unión Europea para representar os seus intereses. As súas orixes remóntanse aos anos 50 e aos tratados constitutivos, e dende 1979 os seus membros son elixidos directamente polos cidadáns aos que representan.

As eleccións teñen lugar cada cinco anos, e tódolos cidadáns da UE inscritos nos censos electorais teñen dereito a votar. Deste

COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO NO 2009-2014	EUROPA	ESPAÑA	
PPE (Partido Popular Europeo)	265	23	**PP**
S&D (Socialistas e socialdemócratas	184	21	**PSOE**
ADLE (Alianza de liberais e demócratas por europa)	84	2	**PNV e CIU**
VERDES	55	2	**IC e EP**
ECR (Conservadores e reformistas europeos)	54		
EUE/EVN (Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica)	35	1	**IU**
ELD (Europa Liberdade e Democracia)	32		
NI (Non inscritos)	27	1	**UPD**
TOTAL	**736**	**50**	

xeito, o Parlamento expresa a vontade democrática dos máis de 490 millóns de cidadáns da Unión e representa os seus intereses nos debates coas demais institucións da UE. O Parlamento actual conta con 736 membros dos 27 países da UE. Os membros do Parlamento Europeo (deputados) non sentan en bloques nacionais, senón en sete grupos políticos europeos. Entre eles, representan todos os puntos de vista sobre a integración europea, desde os máis federalistas ata os abertamente euroescépticos.

Precisamente a grande crítica que se lle fai ó sistema institucional da UE é o seu déficit democrático, pois a única institución elixida por sufraxio universal a penas ten poderes, mentres que as institucións con poderes (Consello e Comisión) son formadas polos gobernos de cada país, sen existir unha correspondencia entre a elección que fan os cidadáns da UE e os órganos de funcionamento desta. Os últimos tratados trataron de modificar esta situación. As funcións compartidas co Consello de Ministros son:

a) Aprobar a lexislación proposta pola Comisión
b) Aprobar o orzamento.
c) Control do Consello de Ministros e a Comisión (recibe informes das súas actuacións e pode proponerlle mocións de censura á Comisión que, de aprobarse obrigaríana a dimitir.
d) Ratifica os acordos internacionais importantes.

Ten a súa sé en tres localidades: Estrasburgo (pleno), Luxemburgo (administración), Bruxelas (comisións, ás veces reunións plenarias).

O tratado de Lisboa establece un número de deputados estables no parlamento europeo (751) a partir do 2014, independentemente de que haxa ou non haxa máis ampliacións.

6.3.5. O Tribunal de xustiza

Ten a súa sé en Luxemburgo. Está composto por 27 xuíces e nove avogados xerais para resolve os recursos e conflitos e interpreta os Tratados comunitarios.

6.3.6. Outros órganos da Unión Europea

O **Comité das Rexións** creado tralo tratado de Maastricht, comezou a funcionar en 1994. Está formado por 344 representantes das rexións e entidades locais da UE. Este Comité ten carácter consultivo (non decisorio) en aspectos relativos á educación, cultura, sanidade, redes transeuropeas de transporte e comunicación e a cohesión económica e social.

O **Comité Económico e Social** é tamén un órgano consultivo formado por outros 344 representantes do ámbito sindical, empresarial, de asociacións profesionais e de consumidores. Emite dictames relativos a aspectos do mundo económico e laboral.

O **Tribunal de Contas** está formado por 27 membros independentes (un por cada país) que ten como función comprobar a correcta utilizacións dos fondos da UE. Pode investigar a calquera persoa, institución ou organización que perciba fondos comunitarios.

Os **órganos financeiros** están compostos polo **Sistema Europeo de Bancos Centrais** (SEBC) formado polo **Banco Central Europeo** (BCE) e os bancos centrais nacionais dos países comunitarios. A súa función é definir e executar a política monetaria única. En materia de financiamento funciona o **Banco Europeo de Investimento** (BEI), que ten como obxectivo conceder préstamos a proxectos de desenvolvemento nas áreas menos avanzadas da UE ou doutros países de fóra da comunidade.

6.4. O financiamento comunitario

Pese ás grandes cifras manexadas o orzamento da UE representa unha contía pequena no conxunto da súa economía (1,27% do PIB) debido a que a política de intervención (gastos sociais, seguridade, defensa...) está en mans de cada un dos estados membros.

Unha característica dos orzamentos comunitarios ao longo do tempo, foi a súa insuficiencia financeira que obrigou a adoptar sucesivos cambios no control do gasto e no sistema de financiamento. Dende o ano 1970 a Comunidade conta con medios de financiamento propios que a dotan de autonomía financeira. Este sistema de recursos propios foi modificado varias veces coa finalidade de poder financiar os maiores gastos derivados das políticas comunitarias e dos compromisos que se derivan do Tratado da Unión, pero mantendo sempre o criterio de autonomía financeira da Facenda da UE.

A estrutura do gasto

O orzamento comunitario dirixe a súa actuación ao sostemento da política comunitaria. A Política Agraria Común (PAC) e a de accións estructurais absorben

máis do 80% dos gastos e o resto destínase a gastos de funcionamento e a outra política como investigación e desenvolvemento tecnolóxico, cooperación cos países subdesenvolvidos...

EVOLUCIÓN DO GASTO NA UE (Porcentaxe sobre o total do gasto)					
	1973	**1983**	**1994**	**1999**	**2008**
FEAGA-Garantía	79,3	64,9	55,7	45,2	42,6
Accións estructurais	4,3	16,9	26,5	35,6	44,9
Gastos de funcionamento	6,9	4,6	5,9	4,7	5,6
Outros gastos	9,5	13,6	11,9	14,5	6,9
Total de gastos (millón euros)	**4.004,6**	**24.313**	**60.304,8**	**65.000**	**130.000**

A estrutura dos ingresos

Os ingresos financeiros da UE proceden de recursos propios que podemos clasificar en tres categorías:

a) Taxas tradicionais, formados polos dereitos propio de aduana e exaccións agrícolas (cobros por multas: excesos de cuotas ou aranceis por importación de certos produtos agrícolas).
b) Participación na recadación do IVE, dos países membros, onde aproximadamente o 0,5% destínase á UE.
c) Aportacións dos países membros en función do seu PIB. Esta aportación sitúase dende 1999 no 1,27%.

EVOLUCIÓN DA ESTRUTURA DOS INGRESOS NA COMUNIDADE					
	1979	**1989**	**1994**	**1999**	**2008**
Taxas (exaccións agrícolas, aranceis, outros)	51%	28,7%	20,6%	18%	13%
Recursos do IVE	49%	60,7%	51,9%	34%	15%
Recursos do PIB	-	10,6%	27,5%	48%	72%
Total (millón de euros)	**14.372**	**44.329**	**60.304,8**	**65.000**	**130.000**

Contribución dos países membros

Os principais contribuíntes son Alemaña, Francia, Reino Unido e Italia que aportan o 75% do orzamento o seren os países de maior tamaño demográfico e de PIB xerado.

Uns países son contribuíntes netos (aportan máis do que reciben), caso dos anteriores países citados, e os Países Baixos. Mentres outros foron ata agora beneficiarios netos (recibiron máis do que aportaban) Grecia, España e Portugal e Irlanda que recibiron unha importante contía en fondos estuturais e de cohesión.

Como exemplo podemos presentar o seguinte: Alemaña aportou a UE durante o período 1992-94 19.146,7 millóns de € (31% de todo o orzamento comunitario) e recibiu 7.425,0 millóns de €. Nese mesmo período España aportou 4.906,2 millóns de € (8% do orzamento comunitario) e recibíu 7.888,4 de €.

A situación variou dende o 2004 para España. Deixou de ser receptor para pasar a ser contribuínte, dada a ampliación cara a Europa do este. Ata o 2013 será receptora neta de fondos estruturais (incluso de cohesión) pero a partir desta data é

moi probable que estes fondos diminúan considerablemente ou desaparezan (os fondos de cohesión por exemplo).

Principal destino do gasto: os fondos estruturais e de cohesión

Na UE hai fortes disparidades de renda que o mercado non é capaz de eliminar. Por este motivo dende 1975 establecéronse actuacións de desenvolvemento rexional coa finalidade de eliminar ou diminuír estes diferencias.

O financiamento realízase a través dos **Fondos Estruturais** e de **Cohesión** que representaron o 87% do gasto comunitario no 2008.

Existen catro fondos estruturais fundamentais o Fondo Social Europeo, o Fondo Europeo Agrícola de Garantía, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo Europeo de Pesca.

Fondo Social Europeo (FSE*)*, creado en 1960, canaliza as súas axudas cara á formación profesional coa finalidade de mellorar a formación e facilitar a reconversión dos traballadores.

Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA). Destinado a financiar a **Política Agraria Común** (PAC) que foi un dos obxectivos clave dende a fundación da Comunidade Europea. O 43% do orzamento comunitario destinouse a este capítulo no 2008 (no ano 1973 representaba case o 80%) nos últimos cincuenta anos foi un instrumento de cohesión sectorial dentro da Unión Europea, un mecanismo de apoio ao sector agrario e para a construción dun mercado único. Todo isto parece que se reformará de forma drástica a partir do 2013. Un informe elaborado pola Comisión establece que o fondo baixe un 35% coa finalidade de destinalo a outros sectores punteiros no ámbito económico (como investigación e desenvolvemento). España, que é o segundo país, por detrás de Francia, na percepción destas axudas agrarias e o primeiro en fondos para desenvolvemento rural, sería un dos máis prexudicados. No 2009, España percibiu 7.432 millóns de € deste fondo.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que xurdiu en 1975. Está destinado a corrixir os desequilibrios rexionais facilitando financiamento para obras de infraestruturas nas rexións menos favorecidas.

Fondo Europeo de Pesca (FEP), creado en 1993 coa finalidade de facilitar a reestruturación do sector pesqueiro. Ten como obxectivo a modernización da flota pesqueira e diversificar economicamente as zonas que dependen desta actividade.

Fondo de Cohesión creado en 1993, teñen como finalidade financiar proxectos en materia de medio ambiente e de redes de transporte transeuropeas nos países menos desenvolvidos da Comunidades (aqueles cun PIB inferior ao 90% da media comunitaria). Ata o ano 2013, España percibirá contías deste fondo.

6.5. Retos de futuro de España na UE

O balance da incorporación de España a UE foi globalmente positivo ata este momento. Os grandes retos e dificultades que aparecen na actualidade son:

a) **Perda de peso institucional**: coa reforma das institucións europeas (os tratados de Niza e sobre todo Lisboa) reducen a presenza española no Parlmento Europeo e no sistema de votación no Consello da Unión Europea.
b) **Diminución e desaparición das axudas dos fondos estruturais e de cohesión**. Despois do período transitorio (2007-2013) é moi probable que diminúan de forma drástica e desapareza as aportacións do fondo de cohesión.
c) **A ampliación do mercado único** coa incorporación dos novos países procedentes da Europa do este afecta sensiblemente a economía española. A **mobilidade de traballadores** da zona oriental cara España cubrindo postos

nas actividades menos cualificadas: agricultura, servicio doméstico, construción ou hostalería. **Deslocalización da actividade industrial** cara os países da Europa Oriental onde os custos de produción (salarios) son máis baixos. Non todo debe verse de xeito negativo posto que as posibilidades de investimento das empresas españolas son maiores e amplíase o mercado de bens e servizos cara esta área.

d) **O desafío da competitividade e da produtividade** para economía española debe entenderse como un elemento positivo a ter en conta.

6.6. Galicia na UE

A integración de Galicia na UE en 1986, ocasionou graves problemas aos sectores básicos da súa economía: a agricultura, a gandería, a pesca e a construción naval.

O **sector agrícola** aínda que era moi importante dentro da estrutura económica galega, atravesaba unha situación de atraso dende facía moitas décadas. As axudas que a PAC tiña para o desenvolvemento agrario das explotacións europeas apenas afectaron ás galegas dado que a Unión subvenciona ás grandes explotacións e produtividade, situación que o campo galego non cumpre (pequenas explotacións e baixa produtividade).

En canto a **gandería** o sector lácteo do vacún viuse afectado pola imposición de límites a súa produción (**cota láctea**) que supuxo o peche progresivo das pequenas explotacións e o mantemento daquelas que eran máis rendibles. A da reforma da PAC para o 2014 establece un horizonte pouco positivo para este sector.

O **sector pesqueiro**, no que Galicia era unha potencia mundial en capacidade, en cantidade de pesca e transformación destes recursos viuse afectada pola redución de cotas e a reconversión do sector, diminuíndo e modernizando a súa flota.

O sector de **construción naval** tivo unha importante reconversión que afectou fundamentalmente as áreas de Ferrol e Vigo. A situación actual mellorou. Os estaleiros actuais, que teñen unha dimensión menor, tanto en cadro de persoal como tipoloxía de embarcacións, recuperaron en parte a súa actividade.

Non tódolos aspectos foron negativos. Galicia recibiu nos últimos vinte anos (fundamentalmente dende o último quinquenio da década dos noventa e a actual) máis de 18.000 millóns de € procedentes dos fondos estruturais e de cohesión. Importantes obras de infraestruturas (autovías, tren de alta velocidade, aeroportos e portos) están cofinanciadas con estes fondos.

Por outra parte Galicia forma parte dunha das oito eurorrexións que teñen características comúns: o **Arco Atlántico** formada por trinta rexións de cinco estados. Esténdese dende Andalucía Occidental, Portugal, Galicia a Cornixa Cantábrica, fachada atlántica francesa, suroeste de Gran Bretaña e Irlanda. Os obxectivos marcados son a mellora nas infraestruturas, dinamización tecnolóxica do tecido industrial, unha política pesqueira común e mellorar a innovación e competititvidade.

A **eurorrexión Galicia-Norte de Portugal** creouse en 1991. Trata de intregrar unha comunidade con características, sociais, económicas e culturais comúns. Este territorio ocupa 51.000 km^2 (Galicia conta con 29.500 e as rexións do norte portugués 21.300). Sectores como as infraestruturas, planificación urbana, saúde, educación, cultura, medioambiente son aspectos moi importantes na cooperación.